


MIND THE GAP!

eleccións para remexer nas consciencias dos poucos indecisos que aínda quedaban. No "Escuadrón América-policía mundial" uns cantos bonecos brancos e bonitos dedícanse a liquidar e exterminar os terroristas, por suposto árabes, con faccións distorsionadas e cheos de malicia.

Alleo a todo este rebumbio político, achamos un mozo que por primeira vez contaba con dereitos políticos ante os ollos da sociedade. Mais semellaba que isto non era unha preocupación para ef; o único transcendente era que os Lakers gañasen o encontro do sábado e conseguir diñeiro como fose para pagar a dose de cocaína desta tarde. Ningún dos fortes candidatos á Casa Branca era merecedor do seu voto.

Andrew era consciente de todos estes pensamentos, pero el permanecía fiel ao seu, sabedor de que sendo un inmigrante ilegal sen dereito a voto tería un futuro determinado polos ideais destas privilexiadas persoas e de moitas outras coma elas, ás que non lles cabía na cabeza o feito de que ían tecer o futuro non só de América, senón tamén do mundo enteiro; permitindo, ou non, que frases tan singulares coma "Nos tempos de guerra non hai que fiarse fronte ao terrorismo da xente que valora a xustiza, a razón ou a liberdade máis cá seguridade" gobernasen este planeta na era dos "grandes avances".

Beatriz Rei Gosenje
Mirta Sueiro Costoya
Rosa Mato Amboage
1º BAC-A



Intres

57

Febrero 2005

XA CHEGA O NADAL

*Amiguiños, amiguiñas, xa chega O Nadal!
As augas do Furelos soan de xeito especial.
Un ano máis, Melide quere testemuñar
a ledicia que no I.E.S. se está a celebrar.
Coa Comunidade Educativa en xeral
disque vai brindar...
Mentres os rapaces e rapazas axudan a cantar:
"Pola tolerancia, pola paz, pola xustiza e a diversidade,
porque este é un Centro con prosperidade.
Por iso se respira tanta felicidade!".
Xa anuncian os pelegríns do Camiño
que dende Palas polo Marquiño,
Amosa o Dous mil cinco facendo o Camiño.
O Dous mil cinco estase a albergar...
Cústalle moito! Canto lle custa chegar...
Mais, entre tanto, o I.E.S. de Melide
quere a todos e a todas desexar:
Bo Aninovo e Feliz Nadal!!!*

EDI C. C.